

Festa da Uña de San Lázaro

A celebración de San Lázaro por antonomasia: «Está sempre a rebentar»

A Orde da Uña coordina a festa desde hai oito anos apostando por novas propostas

Redacción

Respírase unha ilusión especial estes días na bisbarra compostelá. A veciñanza sabe que a Festa da Uña está á volta da esquina e que, desde este venres 20 ata o luns 23 de marzo, é obrigatorio acudir a San Lázaro. «A primeira pregunta que me fan cada ano é: "Non vai haber festa?"», sinala o presidente da Orde da Uña, Fernando Neira. O veciño de San Lázaro foi un dos membros que, hai oito anos, volveron poñer en marcha a Orde da Uña, unha entidade cuxa orixe se remonta a 1967 co obxectivo de

coordinar as actividades desta tradicional cita gastronómica na honra de San Lázaro, patrón dos enfermos, leprosos, pobres e necesitados. «Hai documentos que demostran que en 1800 neste barrio xa se facían poxas de uñas para recadar fondos que despois se destinaban á Igrexa, co ánimo de axudar a persoas con problemas de pel ou lepra», explica Neira.

É innegable que a principal protagonista desta celebración é a tradicional receita compostelá á que lle debe o seu nome. «O prato orixinal elabórase coa uña do porco, bertóns, chourizo e pataca. Aínda



O presidente da Orde da Uña, Fernando Neira, e o tesoureiro, Manuel Vilariño.

así, nos diferentes locais do barrio e de Santiago que participan na festa pode prepararse incluso de oito formas diferentes. Esta é unha ocasión especial para os establecementos hostaleiros, xa que teñen reservas para estas datas desde o mes de xaneiro», apunta o compostelán.

Desde a recuperación da Orde da Uña, os seus integrantes buscan darlle un maior dinamismo á

Os veciños do barrio agardan con ansia esta celebración por sentila como «a súa festa»

celebración desde un punto de vista máis lúdico: «Por exemplo, desde hai uns anos realízase a degustación gratuíta de uñas nas Cance- las, que este ano será o venres e

funciona moi ben. Ademais, para esta edición imos traer un conta- contos para a cativada. Os nenos da asociación de veciños do Monte do Gozo crearon uns cabezu- dos e, se o tempo o permite, o no- so plan é que poidan protagonizar un espectáculo conxunto».

Con todo, Neira destaca que a tradicional poxa de uñas «é o máis atractivo da festa e chama a aten- ción de veciños de toda a cidade».

Identidade local

O promotor recibe os agradece- mentos dos veciños con cada edi- ción, algo que resulta moi especial para el como residente en San Lá- zaro que busca dinamizar o barrio e facer que os seus habitantes go- cen coa festa. Asemade, pon de manifesto o compromiso da co- munity por achegar o seu gran de area durante a celebración. «Nótase que a xente de aquí des- fruta moito da festa, San Lázaro sempre está a rebentar. Os veciños achéganse e daste conta de que os que viven aquí colaboran moito porque senten orgullo das súas orixes. Antes moitos pasaban por aquí e marchaban, pero agora as cousas cambiaron e considéranas a súa festa», apunta o presidente. ■

Estanco-Loterías

CAMIÑO FRANCÉS

A Sorte do Camiño

LUNES - VIERNES
de 8:00h a 22:00h

SÁBADOS
de 9:00 a 22:00h

DOMINGOS y FESTIVOS
de 9:00 a 14:30

Tlfs: 881972484 | 604039982
@estancoloteriascaminofrances

Avda Camiño Francés, 4
Santiago de Compostela
Frente al CC As Canceas

SAFISE
Carpintería de aluminio y PVC

VENTANAS, PUERTAS, PORTALES SOLDADOS,
VIDRIOS, MAMPARAS DE BAÑO...

667 623 129
www.safise.es

CORTIZO

Juan Guerra
BAR · PULPERÍA
COMIDAS A DOMICILIO
Fiesta de la uña.
Ven a probarla!

¿DÓNDE NOS PUEDES ENCONTRAR?

- Los miércoles estamos en Santiago y A Estrada
- Los viernes nos podían encontrar en el Milladoiro
- Los sábados estamos en el mercadillo de Pontevedra cada 15 días

"Visítanos y probarás la mejor comida gallega tradicional"

981 503 054 | 639 818 025
Vedra (A Coruña)
www.pulperiaguerra.com

ESTAMOS DE UÑAS

de San Lázaro, claro!

No te olvides de reservar

A grella
BRASERÍA

Rúa 25 de xullo, 35 | Santiago
Tel. 981 580 266 | www.agrella.es

Festa da Uña de San Lázaro

Concello de Santiago

San Lázaro exalta a uña e vibra coa París de Noia

O emblemático barrio compostelán estará de celebración desde este venres ata o próximo luns

Redacción

O barrio santiagués de San Lázaro prepárase para vivir esta fin de semana unha nova edición da Festa da Uña, a celebración gastronómica popular máis agardada do calendario compostelán antes da chegada da Semana Santa e que, como todos os anos, promete unir a comunidade ecinhal para honrar o patrón e gozar de múltiples propostas lúdicas entre os días 20 e 23 de marzo.

O programa festivo comezará este venres ás 20.00 horas co pregón de José Luis Míguez, un dos fundadores da Orde da Uña, no Centro Comercial As Cancelas. Deseguido, haberá unha degustación gratuita de uñas e unha sesión de música en vivo amenizada por DJ Kike Varela.

San Lázaro non deixará caer o ritmo o sábado, pois desde ben cedo, ás 9.00 horas, escoitaranse as melodías dos gaiteros Enxebres de San Lázaro. A continuación, desde as 11.00 horas e ata o mediodía, será a quenda do pasarrúas a cargo da Charanga Fanfarria Furruxa, que precederá o dúo musical que porá a bailar aos presentes cunha

sesión vermú. Ás 19.00 horas chegará a primeira misa e, a partir das 22.00 horas, haberá verbena a cargo da discoteca móbil Apocalipsis e da orquestra Fórmula.

Os actos do domingo comezarán ás 9.00 horas coa alborada a cargo dos gaiteros Enxebres. Seguidamente, desde as 11.00 horas ata o mediodía, a charanga BB+ animará o ambiente cun pasarrúas. Asemade, ás 12.30 horas celebrárase a primeira procesión. A música soará con forza desde as 14.00 horas cunha sesión vermú amenizada pola charanga BB+, e, ás 21.00 horas, a verbena correrá a cargo de La Banda de Ayer.

Uñas, ovos ou lacón

O luns, día máis agardado polos composteláns, dará comezo cunha misa solemne ás 11.00 horas. Posteriormente, ás 11.30 horas, terá lugar a tradicional poxa das uñas, na que visitantes e veciños alzarán a voz para facerse cos lotes de uña máis atractivos, así como con outros produtos caseiros, como ovos ou lacón.



Míriam Louzao, Nicolás Blanco e Fernando Neira na presentación da Festa da Uña.

Pouco despois, ás 13.30 horas, os asistentes poderán gozar dun variado repertorio a cargo da Banda de Música. O colofón chegará a partir das 22.00 horas, cando veciños e visitantes de todas as idades vivirán en San Lázaro a actuación dunha das orquestras máis reputadas da verbena galega, a París de Noia, e a música en vivo do coñecido DJ Kike Varela.

Cómpre recalcar que esta edición da Festa da Uña incluírá unha homenaxe

PRATO FORTE

A popular poxa de uñas e produtos varios será o luns ás 11.30 horas

xe a cinco fundadores da Orde: Evaristo Carracedo, Ramón Carril, José Luis Míguez, Manuel Moure e Pepe Puente. Na presentación da cita, a edila de Turismo, Míriam Louzao, acompañada do xerente do Centro Comercial As Cancelas, Nicolás Blanco, subliñou a súa importancia turística: «A Festa da Uña pon en valor un prato tradicional da gastronomía de Compostela e tamén barrios que están máis alá da améndoa da cidade histórica». ■

UÑAS DE SAN LÁZARO

DEL VIERNES 20 AL LUNES 23 DE MARZO

A taberna da feira

Grupo Los Robles

Salgueiriños, 24. Santiago. Frente a Hacienda 981 938 400

Sexta 11

Restaurante - Marisquería

Rúa da Raiña, 23 - Franco · Santiago

T. 981 560 524

sextodos@hotmail.com

Temporada de Uñas

20, 21, 22 e 23 de marzo

Festa da Uña de San Lázaro

Jesús Prieto

Poxador da Festa da Uña, unha orgullosa tradición familiar

Carlos Mosquera modera a poxa con mestría desde 2022, tarefa que herdou de seu pai

Redacción

Gran presenza, unha voz imponente e amor pola tradición: os tres factores conflúen en harmonía para definir a Carlos Mosquera, veciño de toda a vida do barrio compostelán de San Lázaro, que leva ao mando da tradicional poxa da Festa da Uña desde o ano 2022, cando relevou o seu pai.

Este labor honra unha tradición familiar vencellada a esta celebración, pois Mosquera aprendeu con mestría a moderar a poxa despois de máis dunha década axudando o seu proxenitor. «Eu vía como facía e preparáballes os lotes», lembra.

Este acto, que provoca tanta expectación entre a veciñanza compostelá, é unha forma histórica de honrar o patrón de San Lázaro. Os residentes aproveitaban esta cita para facer donativos, moitos deles partes do porco, como no caso das uñas, para que os fondos recadados pola Igrexa fosen utilizados para axudar os máis necesitados.

Este compromiso aínda segue latente na actualidade, pois, tal e co-

mo relata o poxador, «persoas de Santiago e de fóra veñen a San Lázaro con diferentes produtos para facerlle un donativo ao santo e mercar algún lote».

A oferta non ten límite. «Na poxa xógase co que a xente trae da casa; maioritariamente mércanse uñas, pero tamén hai lomedros, cacheiras, ovos e diferentes produtos», sinala o santiagués. Ademais, moitos dos asistentes non participan soamente para levar a ganga da poxa, senón que mercan partidas co ánimo de volvelas poñer na poxa como ofrenda a San Lázaro.

Carlos ten claro que ese momento no que se converte en protagonista ao carón da igrexa, e que nesta edición terá lugar o luns ás 11.30 horas, é o prato forte da celebración: «Vén moita xente e créase un ambiente moi animado».

O poxador asegura que disfruta moito deses momentos «de pique» entre os veciños por facerse coas pezas que vai sacando: «É moi divertido e competitivo». Segundo conta, o evento comeza de menos a máis, pasando de presentarse ofertas timida-



Carlos Mosquera ensinándolle unhas pezuñas ao público nunha poxa da Festa da Uña.

LOITA DE PREZOS

Para o santiagués, o máis atractivo é a competitividade entre participantes

mente a ser toda unha loita de prezos. «O ano pasado a poxa máis alta chegou aos 110 euros», relata. «Ás veces a xente chega a pagar cantidades desmesuradas», engade entre risas.

Este encontro tan participativo asegura a diversión dos veciños de todas as idades, merquen ou non os lotes, e Mosquera tamén goza ao máximo da ocasión: «Gústame moito poder formar parte disto». Asemade, espera seguir vinculado a esta celebración

gastronómica tan arraigada en Compostela: «Mentres poida, aí estarei».

Cabe destacar que esta non é unha tarefa fácil, pois, dependendo da cantidade de mercadoría, a poxa pode alongarse máis dunha hora. Un tempo no que o santiagués non para de alzar a voz e ensinar as partidas. «Hai que berrar ben e repetir as cousas para asegurarse de que todos escoiten. Ao final acumúlase fatiga, pero lévase ben», describe. ■

sisoDental
by Pablo Sanchez

Odontólogo
Registro sanitario C-15-003868
Avd. San Lázaro 94
15707 Santiago de Compostela
sisodental7@gmail.com
881 017 140

Experto universitario en Periodoncia, Cirugía e Implantología Oral por la UDC.

Mesón de Lázaro

Tenemos Uñas de San Lázaro

Rúa de San Lázaro, 73
15703 Santiago de Compostela
T. 981 576 525

SAR AUTOMÓVILES, S.L.

SARAUTO CAR SERVICE

Rúa Fontiñas 88 · Santiago de Compostela
sarauto@galicia.com
T. 981 56 50 57

Festa da Uña

#bodeguillastore
www.labodeguilla.gal

f
i
X



Desfruta dunha **cociña caseira** e unha **adega** seleccionada

Bodega de San Lázaro
Santiago de Compostela

bodega de santa marta
Santiago de Compostela